

# UNIDADE DIDÁCTICA

## LINGUA E SOCIEDADE GRECOLATINA

(PRESENZA DA SOCIEDADE GRECOLATINA NO LÉXICO ACTUAL)



*Safo de Lesbos contemplando o calendario para compoñer os seus poemas.*

---

## ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	4
OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE.....	5
CONTIDOS.....	6
SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS .....	7
METODOLOXÍA.....	7
CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	8
INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN .....	8
<b>PALABRAS E EXPRESIÓNS PROCEDENTES DA LITERATURA CLÁSICA .....</b>	<b>10</b>
“RISA HOMÉRICA” .....	10
“TÁCITO”, “TACITURNO” .....	11
“ESTÁN VERDES” .....	12
“LESBIANA” .....	13
“CATILINARIA” .....	15
“CICERONE” .....	16
<b>PALABRAS E EXPRESIÓNS DERIVADAS DA RELIXIÓN GRECORROMANA.....</b>	<b>18</b>
“FANÁTICO” .....	18
“OVACIÓN”.....	19
“HECATOMBE” .....	20
“HOLOCAUSTO”.....	21
“SIBILINO”.....	22
<b>PALABRAS E EXPRESIÓNS PROCEDENTES DO CÓMPUTO DO TEMPO GRECOLATINO.....</b>	<b>24</b>
“SESTA” .....	24
“BISESTO” .....	25

“ FEIRA” .....	26
“VIXILIA” .....	27
PROPOSTA DE ACTIVIDADES.....	29
BIBLIOGRAFÍA .....	33

---

## INTRODUCCIÓN

A tradición grecolatina está presente en todos os eidos da nosa cultura e civilización e, moi especialmente, nas linguas máis faladas en Europa actualmente, converténdose así nun elemento que cohesiona as distintas identidades europeas e que resulta imprescindible para comprender a nosa cultura.

A vixencia do grego e do latín é fácil de seguir; do vocabulario que usamos habitualmente o 80% procede do latín e no vocabulario técnico das distintas ramas científicas podemos atopar até mil quinientos termos procedentes do grego. Esta mesma situación pode trasladarse á lingua inglesa, lingua moderna non derivada do latín, pero que conta cun 65% de termos procedentes desta lingua, e ao francés, ben coñecida lingua romance. Resulta, por tanto, altamente relevante o estudo e coñecemento da herencia clásica como un elemento unificador da cultura europea.

Dentro deste ámbito lingüístico imos situar o desenvolvemente desta unidade didáctica, centrándonos, en concreto, no vocabulario galego, inglés e francés procedente dos distintos aspectos que conforman o que coñecemos como *sociedade grecolatina* como poden ser a literatura, a relixión e a organización e cómputo do tempo.

Nembargantes, tendo en conta a ampla extensión deste vocabulario trataremos de recoller aqueles termos que resulten máis curiosos e atractivos para os nosos alumnos e que nos permitan profundar nos coñecementos non só lingüísticos senón tamén nos que supoñan un acercamento aos contidos curriculares máis salientables da sociedade grecolatina.

A unidade didáctica que presentamos a continuación chámase LINGUA E SOCIEDADE GRECOLATINA (PRESENZA DA SOCIEDADE GRECOLATINA NO LÉXICO ACTUAL) e con ela pretendemos que os alumnos adquiren coñecementos prácticos e útiles sobre elementos básicos e xerais da literatura, relixión e cómputo do tempo dos antigos gregos e romanos.

¿PARA QUÉ CURSOS SE CONSIDERA ADECUADA?

A presente unidade didáctica consideramos que é adecuada para os alumnos de cuarto de ESO e que pode ser útil e práctica para as materias de LATÍN, CULTURA CLÁSICA, INGLÉS e FRANCÉS.

Nesta etapa educativa o alumno conta xa coa creatividade, madurez, abstracción e coñecementos previos necesarios que lle permiten sentirse interesado e motivado para adquirir dun xeito dinámico e práctico os contidos e actividades que propoñemos. Consideramos que para que os alumnos adquiren os coñecementos que desenvolvemos deben ter un nivel lingüístico e de uso das novas tecnoloxías medio, e isto só é posible no último curso desta etapa educativa.

---

## OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE

*Contribución da unidade didáctica á adquisición das competencias básicas:*

**Competencia en comunicación lingüística:** esta unidade contribúe á expresión oral e escrita e á lectura comprensiva de textos diversos en diferentes linguas que forman parte do currículo do noso sistema educativo. Podemos considerar a nosa unidade didáctica como unha ferramenta dinámica e práctica que permitirá ao alumnado a adquisición e ampliación de léxico referido aos distintos elementos da sociedade clásica en diferentes linguas.

**Competencia na expresión cultural e artística:** a contribución a esta competencia acadámola mediante o coñecemento de relevantes contidos literarios, relixiosos e culturais da antigüidade clásica presentes nas linguas actuais e que permiten ao alumno interpretar mellor a realidade que o rodea.

**Competencia para aprender a aprender:** pola presentación dos contidos e actividades realcionados coa sociedade clásica dun xeito sinxelo e práctico, esta unidade didáctica contribuirá a unha aprendizaxe autónoma e organizada do alumnado.

**Competencia dixital:** pretendemos fomentar un uso crítico e reflexivo das distintas fontes de información da rede mediante a recollida na unidade didáctica de direccións web con información relevante e fiable sobre a sociedade clásica, facendo delas un

modelo para os alumnos sobre como achegarse á realidade das tecnoloxías da información, e a través da proposta de actividades que supoñan a análise, selección e tratamento da información en distintas aplicacións informáticas para elaborar documentos de aula.

**Competencia social e cidadán:** a contribución xorde a partir do coñecemento da literatura, relixión e cómputo do tempo clasico como un medio para achegarse e valorar a nosa organización social e para identificar os elementos de cohesión social e cidadán comúns a toda Europa.

*Obxectivos específicos da unidade didáctica:*

- Identificar o significado e a orixe dun grupo de palabras e expresións lingüísticas que proceden de diferentes ámbitos da sociedade antiga e a súa vixencia na actualidade.
- Comparar a evolución e os cambios en galego, inglés e francés na forma de palabras e expresións lingüísticas xurdidas nas sociedades clásicas.
- Coñecer os elementos da literatura, relixión e organización do tempo da antigüidade clásica que perviven na actualidade.
- Aplicar os coñecementos adquiridos na resolución das actividades propostas e na interpretación dos textos e vídeos.
- Diferenciar os ámbitos que conforman o que englobamos baixo o epígrafe *sociedade grecolatina*.
- Identificar, cando sexa o caso, o diferente significado en distintas linguas dunha palabra que ten a mesma orixe.

---

## CONTIDOS

Os contidos que os alumnos deberán coñecer dun xeito claro, breve e conciso son os aspectos de literatura, relixión e cómputo do tempo que propoñemos na unidade didáctica como orixe das palabras e expresións lingüísticas que analizamos. Asemade, deberán comprender e saber usar en contextos adecuados o significado desas palabras

e expresións na lingua propia e nas linguas estranxeiras que empregamos na unidade e coñecer e memorizar o termo nesas linguas.

Os contidos que imos desenvolver son os seguintes:

1. Palabras e expresións procedentes da literatura clásica: “*risa homérica*”, “*tácito e taciturno*”, “*as uvas están verdes*”, “*lesbian*”, “*catilinaria*”, “*cicerone*”.
2. Palabras e expresións derivadas da relixión grecolatina: “*fanático*”, “*ovación*”, “*hecatombe*”, “*holocausto*”, “*sibilino*”.
3. Palabras e expresións procedentes do cómputo do tempo grecolatino: “*sesta*”, “*bisiesto*”, “*feira*”, “*vixilia*”.

---

## SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Os contidos desta unidade didáctica foron secuenciados en función da súa pertenza aos distintos apartados que conforman o que coñecemos como *sociedade grecolatina*. Contribuímos con esta secuenciación á adquisición dun coñecemento asociativo e organizado dos contidos que propoñemos. Tratamos de organizalos dun xeito claro, breve e conciso, buscando un rápido achegamento aos principais conceptos obxecto da presente unidade e posibilitando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe resulte o máis eficiente posible.

No referido á temporalización, consideramos que son necesarias dúas sesións para unha correcta asimilación, comprensión e posta en práctica do aprendido por parte do alumno.

---

## METODOLOXÍA

Empregaremos unha metodoloxía activa, práctica e participativa, tratando fundamentalmente de suscitar o interese e a implicación dos nosos alumnos na súa aprendizaxe.

Traballaremos do seguinte xeito:

1. Como é moi importante a motivación do alumno, comezaremos vendo unha galería de imaxes asociadas a unha palabra ou a unha expresión elaboradas con *eXelearning* e contidas na aula virtual da que forma parte o alumno.
2. Realizaremos preguntas que susciten o seu interese por entender o significado actual e a orixe, así como a relación entre a imaxe e a palabra.
3. Presentaremos a continuación o tema elaborado en *eXelearning* e realizaremos a explicación apoiándonos nesta presentación.
4. Realización das actividades interactivas contidas en *eXelearning* e en outras aplicacións informáticas.
5. Usaremos como actividade de reforzo e repaso de conceptos a realización en grupo das actividades deseñadas na unidade didáctica e que serán recollidas no caderno de clase.
6. Proporemos a realización dun traballo en grupo ou individual, orientado a ampliar os coñecementos acadados e usando as fontes de información que recollemos en *eXelearning* en relación con esta unidade, e que deberán presentar como un documento *word* que logo subirán á aula virtual.

---

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Realización das actividades e do traballo programado.

Presentación do caderno de clase.

Cualificación obtida nunha sinxela proba sobre os conceptos máis importantes da unidade didáctica.

Habilidade no manexo dos materiais dixitais.

Seguimento das actividades programadas.

---

## INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN



Participación e implicación na realización das diferentes actividades.

Revisión dos cadernos de clase.

Sinxela proba sobre os contidos máis importantes da unidade.

Traballos individuais ou en grupo de ampliación dos contidos.

---

## UNIDADE DIDÁCTICA: LINGUA E SOCIEDADE

### GRECOLATINA

Nesta unidade ímonos achegar a aspectos da sociedade clásica que nos resultarán moi novidosos e que poderemos entender facilmente a través da súa pervivencia en termos e expresións que usamos habitualmente e cuxo significado, en moitas ocasións, non comprendemos en toda a súa dimensión.

---


### PALABRAS E EXPRESIÓNS PROCEDENTES DA LITERATURA CLÁSICA

#### “RISA HOMÉRICA”

**GALEGO:** “risa homérica”.

**SIGNIFICACO ACTUAL:** risa inextinguible, ruidosa e incontrolable, como a dos deuses.

**ORIXE:** fai referencia á “inextinguible risa” (ἄσβετος “que non cesa”, γέλως “risa”) dos deuses na *Ilíada* I. 599, *Odisea* XX. 346.



*Homero.* Philippe-Laurent Roland 1746-1816.

**ENGLISH WORD:** “homerical laughter”.

**CURRENT MEANING:** eternal, loud and uncontrolled laughing, as of the gods.

**ORIGIN:** it makes reference to the “unquenchable laughter” (ἄσβετος “unceasing”, γέλως “laughter”) of the gods in *Iliad* I. 599, *Odyssey* XX. 346.

**FRANÇAIS:** “rire homérique”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE:** un fou rire bruyant et incontrôlable, comme celui des dieux.


**ORIGIN:** on fait référence au rire inextinguible des dieux.

“TÁCITO”, “TACITURNO”

**GALEGO:** “tácito”, “taciturno”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** aquilo que non se percibe ou non se di formalmente, de tal xeito que se infire ou se supón. Algúns sinónimos son “implícito”, “omitido” ou “tímido”. Un derivado moi usado deste termo é *taciturno* co significado de “reservado”, “retraído”, “calado”.

**ORIXE:** este termo procede do latín *tacitus* que, á súa vez, procede do verbo latino *tacere* “calar”, pero o significado que ten hoxe en día témolo que facer derivar do estilo narrativo do historiador latino Tácito (*Cornelius Tacitus*, época imperial), quen se caracterizaba por usar unha prosa escura e sutil cuxo significado ás veces era moi difícil de captar.



*Efixie figurada de Tácito.*

**ENGLISH WORD:** “tacit”, “tacitum”.

**CURRENT MEANING:** something that it’s not noticed or it’s not said formally, so you can infer or suppose. Some synonyms are *unspoken* or *silent*, not expressed or declared openly, but implied or understood. Other important word connected is *tacitum* with the meaning of “silent or melancholic”.

**ORIGIN:** it comes from the Latin word *tacitus* that, at the same time, comes from the Latin verb *tacere*, “shut up”, however, at the present time, it would be appropriate to link this term with the narrative style of the Latin historian Tacitus (*Cornelius Tacitus*, from the Imperial Time), who is known by using subtle talking that could be difficult to understand.

**FRANÇAIS:** “tacite”, “taciturne”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE:** ce que l’on ne perçoit pas ou que l’on ne dit pas formellement, de telle sorte qu’on le suppose ou on l’infère. Quelques synonymes sont “implicite”, “omis” ou “timide”. Une dérivée très utilisée de ce terme est *taciturne*, avec une signification de “réservé”, “retrai”, “être tu”.

**ORIGINE:** ce terme provient du latin *tacitus*, qui, également provient du verbe latin *tacere* “se taire”, mais la signification actuelle est une dérivation du style narratif de l’historien latin Tacite (*Cornelius Tacitus*, époque impériale), qui se caractérisait par l’emploi d’une prose obscure et subtile qui pouvait même compliquer la compréhension du texte considérablement.

**“ESTÁN VERDES”**

**GALEGO:** “están verdes”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** esta expresión feita emprégase na nosa lingua para describir o comportamento ou a opinión de alguén que está enfadado porque non acadou ou logrou algo que quería.

**ORIXE:** esta expresión procede da fábula de Esopo *A raposa e as uvas*. Neste relato a protagonista é unha raposa famenta que intentando acadar un alto racimo de uvas que colgan dunha parra, como ve que están fóra do alcance deixa de intentalo e marcha, desprezando as uvas e dicindo “están verdes!”.

**ENGLISH WORD:** “sour grapes”.


**CURRENT MEANING:** it is an English idiom that is used to describe someone's behaviour or opinion who is angry because he has not got or achieved something that they wanted.

**ORIGIN:** sour grapes are an expression originating from the Aesop Fable *The fox and the grapes*. In this fable the main character is a hungry fox trying to achieve a high bunches of grapes hanging from a vine, but, because they were just out of the reach, she gave up trying and walked away, despising the grapes and saying "too much sour!".

**FRANÇAIS:** "les raisins sont verts".

**SIGNIFICATION ACTUELLE:** on utilise cette expression dans notre langue pour décrire le comportement ou l'opinion de quelqu'un qui est fâché parce qu'il n'a pas réussi ce qu'il voulait.

**ORIGINE:** cette expression provient de la fable d'Esopé *Le renard et les raisins*. Dans ce récit la protagoniste est une renarde affamée qui en essayant d'attraper une haute grappe de raisins qui pend d'une treille, comme elle s'aperçoit qu'ils sont hors de sa portée, elle n'essaie plus et s'en va, méprisant les raisins et en disant "les raisins sont verts!".



*A raposa e as uvas*. Unha ilustración de Milo Winter para una antoloxía de Esopo, 1919.

“LESBIANA”

**GALEGO:** “lesbiana”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** é un termo amplamente usado na nosa lingua para facer referencia ás relacións sexuais entre mulleres.

**ORIXE:** deriva do nome da illa grega de Lesbos, onde un grupo de mulleres mozas se atopaban a cargo da poetisa Safo para a súa formación cultural e educativa. Tamén se relaciona co relato de Orfeo no que se di que a súa cabeza e a súa lira, aínda tocando melodiosas cancións, foron levadas até a beira de Lesbos, onde a poesía naceu asociada á poetisa Safo.



*Safo de Lesbos contemplando o calendario para compoñer os seus poemas. 660 a. C.*

**ENGLISH WORD:** “lesbian”.

**CURRENT MEANING:** it’s the term most widely used in the English language to refer to sexual relations between women.

**ORIGIN:** it’s derived from the name of the Greek island of Lesbos where a group of young women were left in poetess Sappho’s charge for their cultural and educative training. It’s also related to short story about Orpheus in which is said that his head and lyre, still singing mournful songs, were carried on to the Lesbos shore where the poetry was born linked to poetess Sappho.

**FRANÇAIS:** “lesbienne”.

**SIGNIFICACION ACTUELLE:** c'est un terme amplement utilisé dans notre langue pour faire référence aux rapports sexuels entre femmes.


**ORIGINE:** l'origine de ce mot est l'île grecque de Lesbos où un groupe de jeunes femmes rejoignaient la poétesse Sapho pour améliorer sa formation culturelle et éducative. Il y a aussi un rapport avec le récit d'Orphée où l'on dit que sa tête et sa lyre, même en jouant des chansons mélodieuses, furent portées jusqu'aux côtes de Lesbos où la poésie est née associée à la poétesse Sapho.

### “CATILINARIA”

**GALEGO:** “catilnaria”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** en galego fai referencia a un discurso ou a un escrito moi vehemente dirixido contra algunha persoa.

**ORIXE:** expresión que procede de Catilina, o político romano e conspirador que dirixiu unha infrutuosa revolta contra a República Romana mentres Cicerón era cónsul. A súa conspiración centrada no asesinato de Cicerón e no derrocamento da República Romana foi frustrada polo famoso orador Cicerón. Os discursos de Cicerón contra Catilina coñécense co nome nome de *Catilinarias* ou *Contra Catilina*. Nesta obra literaria podemos tamén atopar expresións aínda amplamente recordadas e usadas despois de 2000 anos, tales como *Quo usque tandem abutere, Catilina, patientia nostra?* “Ata cando, Catilina, abusarás da nosa paciencia?” ou a famosa *O tempora, o mores!* “Oh tempos, oh costumes!”.



*Representación dunha sesión do Senado romano: Cicerón ataca a Catilina. Fresco do século XIX.*

**ENGLISH WORD:** “catilinarian”.

**CURRENT MEANING:** this classic term can be used as a noun with the meaning of “conspirator” or as an adjective with the meaning of “conspiratorial”.

**ORIGIN:** this expression derives from the Lucius Sergius Catilina, the Roman politician and conspirator who led an unsuccessful revolt against the Roma Republic while Cicero was a consul. His conspiracy focused on assassinating Cicero and overthrowing the Roman Republic was prevented by the famous public speaker Cicero. The Cicero’s speeches against Catilina are known as *Catiline Orations* or *Catilinarians*. In this literary work we can also find expressions still widely remembered and used after 2,000 years, such as *Quo usque tandem abutere, Catilina, patientia nostra?* “How long, Catiline, will you abuse our patience?” or the famous *O tempora, o mores!* “Oh times, oh customs!”.

**FRANÇAIS :** “catilinaire”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE :** ce mot, en français, fait référence à un discours ou un écrit très véhément dirigé contre une personne.

**ORIGINE:** expression qui vient de Catilina, politicien romain et conspirateur qui dirigeât une révolte infructueuse contre la République Romaine tandis que Cicéron était consul. Sa conspiration, centrée sur l’assassinat de Cicéron et sur la démolition de la République Romaine fut frustré par le fameux orateur Cicéron. Les discours de Cicéron contre Catilina, sont connus sous le nom de *Catilinaires* ou *Contre Catiline*. Dans cette œuvre littéraire on peut aussi trouver des expressions toujours amplement rappelées et utilisées apres 2000 ans comme *Quo usque tandem abutere, Catilina, patientia nostra?* “Jusqu’à quand, Catilina, abuseras-tu de notre patience?”, où la fameuse *O tempora, o mores!* “Ô temps, ô coutumes!”.

“CICERONE”

**GALEGO:** “cicerone”.



**SIGNIFICADO ACTUAL:** cicerone é un termo clásico usado para referirse a un guía que leva os visitantes e turistas a museos, galerías, etc..., e lles explica cuestións de interese arqueolóxico, histórico e artístico.

**ORIXE:** a palabra é presumiblemente tomada de Marco Tulio Cicerón, como un tipo de aprendizaxe e elocuencia. Parece que a palabra aplicouse por primeira vez aos doctos antigos que ensinaban e explicaban aos estranxeiros as antigüedades e curiosidades do seu país.

Esta palabra rexistrouse en Estados Unidos para un programa de certificación de sumillers de cervexa.

**ENGLISH WORD:** “cicerone”.

**CURRENT MEANING:** cicerone is an old term for a guide, one who conducts visitors and sightseers to museums, galleries, etc..., and explains matters of archaeological, historic and artistic interest.

**ORIGIN:** the word is presumably taken from Marco Tulio Cicero, as a type of learning and eloquence. It appears that the word was first applied to learned antiquarians who showed and explained to foreigners the antiquities and curiosities of the country.

This word has been trademarked in the United States for use in a beer sommelier certification program.

**FRANÇAIS:** “cicerone”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE :** cicerone est un terme classique utilisé pour faire référence à un guide touristique qui accompagne les visiteurs dans les musées, galeries, etc..., et leur explique des questions d'intérêt archéologique, historique et artistique.

**ORIGINE:** le mot est présumablement pris de Marc Aurèle Cicéron, comme un modèle d'apprentissage et d'éloquence. Il semble que le mot fut appliqué pour la première fois aux anciens doctes qui enseignaient et expliquaient aux étrangers les antiquités et curiosités de leur pays. Ce mot fut enregistré aux États-Unis pour un programme de certification de sommelier en bière.

---

## PALABRAS E EXPRESIÓNS DERIVADAS DA RELIXIÓN

### GRECORROMANA

#### “FANÁTICO”

**GALEGO:** “fanático”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** orixinariamente significou “pertencente ao templo”, “servidores do templo”, para logo chegar ao significado actual de “entusiasta”, “excitado”, “extremista” ou “frenético”.

**ORIXE:** este adxectivo procede da palabra latina *fanum* “templo”. Foi usada para facer referencia aos sacerdotes de Cibeles ou doutras deusas, que se consagraban a manifestacións relixiosas nas que incluso podían chegar a cortarse a si mesmos.

**ENGLISH WORD:** “fanatic”, “fanatical”.

**CURRENT MEANING:** originally it meant “pertaining to the temple, temple’s servant”, and later came to the present meaning of “enthusiastic”, “excited”, “extremist” or “frenetic”.

**ORIGIN:** this adjective derives from the Latin word *fanum* “temple”. It was used to refer to Cibeles’s priests and the priests of many others goddesses, who devoted themselves to religious demonstrations in which they even could cut themselves.

**FRANÇAIS:** “fanatique”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE:** originairement, ce mot signifiait “appartenant au temple”, “serveur du temple”, pour dériver, plus tard a l’actuel signifié de “enthousiaste”, “excité”, “extrémiste” ou “frénétique”.

**ORIGINE:** cet adjectif procède du mot latin *fanum* “temple”. Il fût utilisé pour faire référence aux prêtres de Cibeles et aux prêtres d’autres déesses, qui se consacraient à des manifestations religieuses auxquelles eux-mêmes pouvaient arriver a s’infliger des coupures.

## “OVACIÓN”

**GALEGO:** “ovación”.


**SIGNIFICADO ACTUAL:** entusiasta e prolongada aprobación e mostra de aprecio que é brindada a alguén a través dun aplauso.

**ORIXE:** os xenerais romanos vitoriosos eran recibidos cun desfile e coa inmolación dunha ovella ou dun touro dependendo da importancia da vitoria. A cerimonia na que se sacrificaba unha ovella recibía o nome de *ovatio*, termo que procedía de *ovis* “ovella”. A ovación era inferior a un triunfo e era conferida aos que acadaran vitorias menores.

**ENGLISH WORD:** “ovation”.

**CURRENT MEANING:** enthusiastic and prolonged applause, approval or appreciation that is conferred to someone by clapping their hands together over and over.

**ORIGIN:** the victorious Roman generals were greeted with a celebration and with the immolation of a sheep or a bull depending on the importance of the victory. The ceremony in which a sheep is sacrificed received the name of *ovatio*, a term that came from *ovis* “sheep”. An ovation was inferior to a triumph and it was conferred to those who had achieved minor victories.



*Un sacrificio na antiga Roma.*

**FRANÇAIS:** “ovation”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE:** enthousiaste et prolongé reconnaissance et preuve d'estime qui est accordé à quelqu'un moyennant un applaudissement.

**ORIGINE:** les généraux romains victorieux étaient reçus avec un défilé et avec l'inmolation d'une brebis ou d'un taureau selon l'importance de la victoire. La cérémonie où l'on sacrifiait une brebis recevait le nom de *ovatio*, terme qui procédait de *ovis* "brebis". Une ovation était inférieure à un triomphe, et était attribuée à ceux qui réussissaient des victoires moins importantes.

### "HECATOMBE"

**GALEGO:** "hecatombe".

**SIGNIFICADO ACTUAL:** massacre, desastre ou mortandade masiva de persoas.

**ORIXE:** na antiga Grecia foi un sacrificio aos deuses que consistía orixinariamente nunha grande matanza de cen bois. De feito, literalmente ten o significado de "sacrificio de cen bois" e está asociado ás *Panateneas*, un importante festival relixioso dedicado a Atenea que tiña lugar cada catro anos en Atenas dende o 566 a. C.

**ENGLISH WORD:** "hecatomb".

**CURRENT MEANING:** a massacre or any slaughter on a large scale.

**ORIGIN:** in the ancient Greek was a sacrifice to gods, consisting originally of a great public slaughter of a hundred oxen. In fact, literally this word means "sacrifice of a hundred oxen" and it's linked to *Panathenaic Games*, an important religious festival devoted to Athena that were held every four years in Athens since 566 BC.

**FRANÇAIS:** "hecatombe".

**SIFNIFICATION ACTUELLE:** massacre, destruction d'un grand nombre de personnes ou d'animaux.

**ORIGINE:** dans la Grèce antique c'était un sacrifice aux dieux qui consistait originairement à un gran abbatage de cent boeufs. En fait, littéralement, ce mot signifie "sacrifice de cent boeufs", et est associé aux *Panathénées*, un important

festival religieux dédié à Athénée qui avait lieu tous les quatre ans à Athènes depuis 566 av. J.C.



*Bois levados ao sacrificio, friso sur do Partenón.*

### “HOLOCAUSTO”

**GALEGO:** “holocausto”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** durante anos esta palabra foi usada na nosa lingua para denotar grandes masacres e, dende o ano 1960, este termo pasou a ser usado para referirse ao xenocidio nazi dos xudeus.

**ORIXE:** esta palabra deriva do antigo grego *holocaustos*, de ὅλος “todo” e καυστός “queimado”, un dos máis importantes sacrificios relixiosos de animais do mundo antigo que consistía en consumir ou destruír totalmente a vítima no lume e que se opoñía ao termo clásico *thyesthai*, un tipo de ofrenda ritual na que o principal obxectivo era compartir a comida coa divindade sendo coñecida como *sacrificio comensal*.

**ENGLISH WORD:** “holocaust”.

**CURRENT MEANING:** for hundreds of years, the word *holocaust* was used in English to denote great massacres and since 1960 this term has come to be used to refer to the nazi genocide of jews.

**ORIGIN:** the word derives from the Ancient Greek *holocaustos*, from ὅλος “whole” and καυστός “burnt”, one of the most important religious animal sacrifice in the Ancient World that consists of consuming or destroying utterly the victim by fire and it’s

opposed to classic term *thyesthai*, a kind of ritual offering in which the main target was to share a meal with the god being known as a *commensal sacrifice*.



*Preparación dun sacrificio*. Mármore, fragmento dun relevo arquitectónico, primeiro cuarto do século II a. C. De Roma, Italia.

**FRANÇAIS:** “holocauste”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE:** pendant des années, ce mot fût utilisé dans notre langue pour désigner des grandes massacres, et depuis l’année 1960, on commence à l’utiliser pour faire référence au génocide nazi des juifs.

**ORIGINE:** ce mot vient de l’ancien grec *holocaustos*, de ὅλος “tout” et καυστός “brûlé”, un des plus importants sacrifices religieux d’animaux du monde ancien, qui consistait à consommer ou détruire totalement la victime au feu, et qui s’opposait au terme classique *thyesthai*, un type d’offrande rituelle où l’objectif principal était de mettre en commun les aliments avec la divinité, étant connue comme *sacrifice convivial*.


“SIBILINO”

**GALEGO:** “sibilino”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** o adxectivo *sibilino* significa “misterioso”, “críptico”, “escuro” ou “algo que ten un significado oculto ou secreto”.

**ORIXE:** esta palabra ten a súa orixe (vía latín) na palabra grega *sibylla* que ten o significado de “profetisa”. Nos antigos tempos dos romanos e dos gregos, unha sibila era a muller profeta que entregaba escuras profecías vaticinando o futuro. Unha das máis famosas era a Sibila de Cumas, a profetisa que presidía o oráculo de Apolo en

Cumas, unha colonia grega cercana a Nápoles, Italia. A importancia da Sibila de Cumas móstrase no canto VI da *Eneida* de Virxilio, onde guía a Eneas a través do Inframundo (Hades).



*Sibila de Cumas*. Michelangelo Buonarroti (1475-1564).

**ENGLISH WORD:** “sibylline”.

**CURRENT MEANING:** the adjective *sibylline* means “mysterious”, “cryptic” or “something that has a hidden or secret meaning”.

**ORIGIN:** this word has origin (via Latin) in the Greek word *sibylla*, with the meaning of “prophetess”. Back in the times of Greeks and Romans, a sibyl was a female oracle who delivered cryptic prophecies foretelling the future. One of the most famous was the Cumaean Sibyl, the prophetess presiding over the Apollonian oracle at Cumae, a Greek colony located near Naples, Italy. The importance of the Cumaean Sibyl is shown in Virgil’s *Aeneid* VI, where Sibyl guided Aeneas through the Underworld (Hades).

**FRANÇAIS:** “sibyllin”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE:** l’adjectif *sibyllin* signifie “mystérieux”, “cryptique”, “obscur” ou “quelque chose qui a une signification obscure ou secrète”.

**ORIGINE:** l’origine de ce mot est dans le mot grec *sibylla*, qui signifie “prophétesse”. Dans les temps anciens des romains et grecs, une sibylle était une femme prophète qui faisait des obscures prophéties en vaticinant le futur. Une des plus célèbres était la

Sibylle de Cumas, la prophétesse qui présidait l'oracle d'Apollon à Cumas, une colonie grecque proche a Naples, Italie. L'importance de la Sibylle de Cumas se prouve dans le chant VI de l'*Eneide* de Virgile, où elle guide Énéas à travers l'Inframonde (Hades).

---

## PALABRAS E EXPRESIÓNS PROCEDENTES DO CÓMPUTO DO TEMPO GRECORROMANO

### “SESTA”

**GALEGO:** “botar unha sesta”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** botarse a descansar a primeira hora da tarde ou despois da comida do mediodía, algo moi frecuente nos países cálidos.

**ORIXE:** o tempo diario romano dividíase en doce horas de luz e doce horas de escuridade, pero non todas tiñan a mesma duración. A referencia sempre era a saída do sol, polo que a duración destes períodos era máis longa en verano ca en inverno. As horas expresábanse en números ordinais: *hora prima, secunda, tertia...* A *hora prima* era a do amencer e así a *hora sexta* sempre coincidía co mediodía. A *hora sexta* era a que empregaba o romano para descansar e desta expresión procede a nosa palabra *sesta*.



*A hamaca.* Gustave Courbet (1844).

**ENGLISH WORD:** “take a siesta”.

**CURRENT MEANING:** take a short rest or nap in the early afternoon or after the midday meal, something very frequent in the hot countries.



**ORIGIN:** the Roman time of day was divided into 12 hours of light and into 12 hours of darkness, but these hours didn't have the same length. The dawn was the reference used by them, therefore these periods of time were longer in summer than in winter. The hours were expressed through ordinal numbers such as *hora prima, secunda, tertia...* The *hora prima* was the dawn, so the *hora sexta* always represented midday. The sixth hour was used by the ancient roman people for resting and our word *siesta* derives (via Spanish) from the Latin term *sexta*.

**FRANÇAIS:** "faire la sieste".

**SIGNIFICATION ACTUELLE:** se reposer à la première heure de l'après midi ou après manger, très courant dans les pays chauds.

**ORIGINE:** la journée romaine se divisait en 12 heures de lumière et 12 heures d'obscurité, mais ces heures n'étaient pas pareils tout le temps. La référence était toujours la sortie du soleil, raison pour laquelle ces périodes sont plus longues en été, qu'en hiver. Les heures s'exprimaient en nombres ordinaux: *hora prima, secunda, tertia...* L'*hora prima* était l'heure de l'aube, ainsi, *hora sexta* coïncidait toujours avec l'heure du midi. *hora sexta* était l'heure du repos des romains, d'où vient notre terme *sieste*.

**"BISESTO"**

**GALEGO:** "ano bisesto".

**SIGNIFICADO ACTUAL:** ano que ten un día adicional, de maneira que conta con 366 días. A finalidade é manter o calendario anual sincronizado co ano astronómico ou estacional.

**ORIXE:** bisesto é un adxectivo que deriva do latín *bis sextus dies ante kalendas martii* "dúas veces día sexto antes do día 1 de marzo", que facía referencia ao feito de engadir un día máis entre o 23 e o 24 de febreiro no calendario de Xulio César. No calendario actual, que coñecemos como *gregoriano*, calendario feito por Gregorio XIII, este día extra intercalado é o día 29 de febreiro e intercálase cada catro anos.

**ENGLISH WORD:** "intercalary or bissextile year", "leap year".

**CURRENT MEANING:** year containing one additional day, so this year has 366 days in order to keep the annual calendar synchronized with the astronomical or seasonal year.

**ORIGIN:** bissextile is an adjective come from Latin expression *bis sextus dies ante Kalendas martii* “twice sixth day before the first of March”, making reference to adding one more day between 23-24 February in the Julius Caesar calendar. In the current calendar, known as the *Gregorian*, made by Gregory XIII, this additional day is February 29.

**FRANÇAIS:** “année bissextile”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE:** une année bissextile compte 366 jours au lieu de 365, elle a pour objectif maintenir le calendrier annuel synchronisé avec l’année astronomique ou saisonnière.

**ORIGINE:** bissextil est un adjectif qui vient du latin *bis sextus dies ante kalendas martii* “deux fois jour sixième avant le 1er mars”, qui faisait référence au fait d’ajouter un jour de plus entre le 23 et le 24 fevrier dans le calandrier de Jules César. Dans l’actuel calendrier, que l’on connait comme *grégorien*, fait par Grégoire XIII, ce jour de plus intercalé tous les quatre ans, est le 29 fevrier.

“ FEIRA ”

**GALEGO:** “feira”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** unha exposición ou mercado feito nun tempo e nun lugar determinado para mercar e vender artigos e produtos, normalmente acompañado de varios entretementos.

**ORIXE:** este termo ten a súa orixe na expresión latina *feriae, dies ferialis*, nome usado na antiga Roma para referirse ao tempo libre para visitar templos e facer sacrificios aos deuses. Así mesmo, a palabra foi usada para os festivais públicos e para as celebracións privadas, como os cumpreanos.

**ENGLISH WORD:** “fair”.

**CURRENT MEANING:** an exhibition or a market held at a specified time and place for the buying and selling of goods or merchandise, usually accompanied by various entertainments.

**ORIGIN:** this term has origin in the Latin expression *feriae, dies ferialis*, the name used in ancient Roma to refer to holidays for visiting temples and making sacrifices to the gods. At the same time, the word was used for public festivals and private celebrations, such as birthdays.

**FRANÇAIS:** “foire”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE:** une exposition ou marché localisé dans un emplacement concret et à une date concrète pour vendre et acheter des différents articles et produits, normalement accompagné d’autres loisirs.

**ORIGINE:** ce terme vient de l’expression latine *feriae, dies ferialis*, nom utilisé dans la Rome ancienne pour faire référence au temps de loisirs pour la visite des temples et pour les sacrifices offerts aux dieux. En même temps, le mot fut utilisé pour les festivals publics, et pour les célébrations privées, comme les anniversaires.

“VIXILIA”

**GALEGO:** “vixilia”.

**SIGNIFICADO ACTUAL:** esta palabra usámola para referirnos a un período de atenta vixilancia ou insomnio mantido por algunha razón durante o tempo normal de sono.

**ORIXE:** en tempos dos romanos, a noite dividíase en catro partes iguais, chamadas vixilias: *vigilia prima, secunda vigilia*, etc. Tiñan unha extensión diferente segundo a época do ano. Esta distribución en catro partes e o propio nome gardaban relación cos turnos de vixilancia dos campamentos militares. Tamén as unidades de bombeiros de Roma, de carácter militar, se denominaban *vigiles, cohortes vigilium*.

**ENGLISH WORD:** “vigil”.

**CURRENT MEANING:** this word is used to refer to a period of watchful vigilance or wakefulness kept for any reason during the normal hours for sleeping.

**ORIGIN:** in the time of Romans, the night was divided into four equal parts, called vigils: *vigilia prima, secunda vigilia*, etc. They had a different extension depending on the time of year. This distribution into four parts and the name were associated with shifts of surveillance of military camps. The firefighters units in Rome, of a military nature, were also called *vigils, cohortes vigilium*.

**FRANÇAIS:** “veille”.

**SIGNIFICATION ACTUELLE:** on utilise ce mot pour faire référence à une période de surveillance ou d’insomnie maintenu pour quelque raison que ce soit pendant le temps de sommeil.

**ORIGINE:** dans les temps des romains, la nuit se divisait en quatre parties égales, nommées veilles : *vigilia prima, secunda vigilia*, etc. La duration était différente selon l’époque de l’année. Cette distribution en quatre parties et son nom étaient liées avec les gardes des camps militaires. Aussi les services d’incendie de Rome, au caractère militaire, se nommaient *vigiles, cohortes vigilium*.

---

## PROPOSTA DE ACTIVIDADES

1. Contesta brevemente as seguintes cuestións sobre a sociedade grecolatina:
  - A. Como se califica o estilo do historiador romano Tácito?
  - B. En que xénero literario encadrarías a Cicerón?
  - C. Baixo a tutela de que poetisa se atopaban algúns grupos de mulleres da aristocracia da illa de Lesbos?
  - D. En cantas partes se dividía a noite para os romanos?
  - E. Cal é o nome do político romano que atentou contra a República Romana e tratou de matar a Cicerón?
  - F. En que consistía a *ovatio* dos romanos?
  - G. Indica por que podemos considerar *fanáticos* aos sacerdotes de Cibeles.
  - H. Como dividían o tempo do día os romanos e que referencia usaban para realizar esta división?
  - I. En que obra de Virxilio a Sibila de Cumas guía ao seu protagonista ata o Hades? Que busca no Hades o protagonista da obra?
  - J. De que xeito acomodaban os romanos o calendario anual ao estacional ou astronómico?. Que reforma se introduciu no noso calendario gregoriano?
2. Can you define in English the following words and expressions. You must construct a short sentence with them:

**What's the meaning and the origin of ...?**

**sour grapes**

**cicerone**


**fanatic**

**hecatomb**

**bissextile year**

**take a siesta**

3. Completa o encrucillado:




**Horizontais**

- A. Implícito, omitido ou tímido.
- B. Cerimonia para honrar a Atenea.
- C. Misterioso, escuro.
- D. Expresión incontrolada e ruidosa.
- E. En inglés. Exaltado, frenético, entusiasta.


**Verticais**

- A. Mostra entusiasta e fervorosa de aprecio e admiración.
- B. Como podemos dicir “dúas veces” en latín?


4. Associate the image with the correct word and fill the gaps with the information required:



English word derived from this literary character:  
 What's the meaning of this word:  
 Name of this literary character:  
 What's the name of the work and the author associated to this character:  
 Title of this picture:



English word linked to this picture:  
 Can you say the current meaning of this word?  
 Who was this historical character:  
 Do you think is the first poetess?  
 The title of this picture:



English word related to this scene:  
 What's the meaning of this term?  
 What's the name of the author of this work?  
 In which period of Roman history happened the event depicted in the image?  
 The title of this picture:

5. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas (F-V):

Cornelio Tácito era un historiador romano da época republicana. \_\_\_\_

*A zorra e as uvas* é unha fábula de Esopo. \_\_\_\_

Á illa de Faros chegou a cabeza de Orfeo dando lugar ao nacemento da poesía. \_\_\_\_

O tempo diario dos romanos ten exactamente a mesma división que o noso. \_\_\_\_

A palabra “faro” ten a súa orixe nunha torre construída nunha illa de Alexandría que leva este nome e coa que se pretendía guiar os barcos. \_\_\_\_

Mecenas era un acaudalado nobre que patrocinaba as festas de Roma. \_\_\_\_

Os xenerais romanos que obtiñan victorias importantes eran recibidos mediante a inmolación dunha ovella ou dun touro. \_\_\_\_

A diferenza entre a cerimonia coñecida como triunfo e a coñecida como ovation era moi pequena. \_\_\_\_

A sibila máis famosa de Italia habitaba nunha colonia grega de Nápoles coñecida como Tarento. \_\_\_\_



## BIBLIOGRAFÍA

Javier Gómez Molero, *Totum revolutum*. Editorial Merial, s.l, 1999.

Ayuso Calvillo- E. Montero Cartelle, *Latín*. Ed. Akal, 2008.

Yolanda Espinosa y M<sup>a</sup> del Remedio Muñoz, *Cultura Clásica*. Ediciones Akal, 2002.

Direcciones web:

<http://www.lexilogos.com/>

[www.wordreference.com](http://www.wordreference.com)